

# O QUE FAI POSIBLE O AMOR

Cando a mestra da escola do pobo comunicou ós seus alumnos que ian facer unha excursión para coñecer o Belen de Begonte, foi tanto a algarabía que produxo nos nenos, que por un momento a docente tivo problemas para controlar a clase.

—Silencio —replicoulles en tono alto—, imos empezar as tarefas! Chegado o día xa concretaremos os puntos da viaxe!

Antes quixo ter unha lembranza por Dani, pois o seu pupitre atopabase baleiro dende o curso pasado, cando lle fora diagnosticada unha leucemia. Agora permanecía moito máis tempo na habitación daquela gran mole de hospital que no patio de seu propio colexio, e de non ser por Javi, o seu mellor amigo, a estanza sería moito máis longa e triste.

Tiña a sorte de contar cun amigo que endexamais o esquecería. Por iso, tódalas tardes acudía a velo para darlle ánimo, xogar con el e contarlle o que pasaba na escola. Esa tarde tocaba contarlle a boa nova da viaxe a Begonte:

—A ver se podes vir, Dani, que o imos pasar moi ben!

Dani por un momento quedou mirando para o seu corpo todo rodeado de cables e monitores, e non puido por menos que esbozar un sorriso e dicirlle:

—Pero de verdade ti pensas que podería ir nesta situación?

—Bueno —dixolle Javi—, non teñas pena, xa che contarei o que vexa! Os meus ollos serán os teus!

Xa de noite, na habitación coa súa nai, pidiulle a esta que lle abriera de par en par as fiestras.

—Fillo, vas ter moito frío!

—Non, mamá, que quero sentir como azouza o vento empurrando as estrelas para que cheguen axiña ó portal de Begonte! Mamá, por que son tan miserable e desgrazado que non poido ir cos meus compañeiros a velo?

A nai, con moita mágoa e precedida dun ataque de choros, fixo o disimulo de ter que ir ó baño, para alí desafogarse, como tantas veces o fixera, máis agora que non tiña resposta para o seu fillo.

Na habitación contigua, e mentres poñía un soro, unha enfermeira non foi allea a todo o que alí acontecera, e despois de indagar a situación, pensou que tiña que facer todo o posible para que a este neno se lle cumprira o desexo. Nos días posteriores non escatimou en sacar tempo das súas libranzas, ofrecéndose a ir con el, e facendo o posible para xes-

tionar unha ambulancia medicalizada para que Dani se sentira o mellor posible.

Chegou o día da partida. O autobús cos seus compañeiros abría camiño a Dani que, cos coidados do seu anxo da garda, a súa enfermeira, permitiu facer realidade o soño dun neno.

Alí, xunto cos seus compañeiros, deleitouse de toda aquela maravilla, olvidando por un intre a dor e o sufrimento, sentíndose feliz e útil, e mentres Javi lle apretaba as mans, non paraba de dar grazas a todos por ese día tan fermoso, e que polo amor desas persoas sentiuse o neno máis feliz do mundo, un neno coma os demais.

Con amor e pequenos xestos pódese facer feliz a moitas persoas, non en van din que **O AMOR É A FORZA MÁIS HUMILDE PERO A MÁIS PODEROSA DE QUE DISPÓN O SER HUMANO.**

Dani segue recuperándose na habitación do hospital, e sabe que Javi tódalas tardes o acompañará e nunca lle fallará.